

ANUNCIO DE LICITACIÓN PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA NO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) DO CONCELLO DA ESTRADA

Data de publicación do anuncio no Perfil do Contratante: **20 de setembro de 2017.**

1º.-Entidade adxudicadora:

a).-Organismo: Concello da Estrada

2º.-Obxecto do contrato.

a).-Obxecto: servizo de asistencia xurídica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Estrada. Tal asesoramento cubrirá a prestación de información xurídica concreta e adecuada ás usuarias do citado Centro, sen que en ningún momento se entenda incluída dentro do servizo a defensa xudicial das usuarias, ou calquera outra actuación que transcenda da mera información legal.

b).-Duración: duración inicial de **dous anos** a contar dende a data sinalada no documento de formalización contractual. O anterior prazo poderá ser prorrogado por vontade expresa das partes. Coa suma total das prórrogas non hai de superar **catro (4) anos**.

3º.-Tramitación e procedemento.

a).-Tramitación: Ordinaria.

b).-Procedemento: Negociado sen publicidade.

c).-Criterios de adxudicación: Os previstos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

4º.-Orzamento base de licitación:

a) Importe: **1.114,62 euros. (921,17 euros máis 21 % de IVE. que son 193,45 euros)/ mes**

5º.-Garantías:

a).-Provisional: Non se esixe.

b).-Definitiva: 5 % do importe de adxudicación excluído o IVE.

6º.-Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación (grupo, subgrupo e categoría): non se esixe.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional, no seu caso, de acordo co establecido no TRLCSP.

c) Outros requisitos específicos: Non se prevén.

7º.--Obtención de documentación e información,

O Prego de prescricións técnicas e o de cláusulas administrativas particulares atópanse a disposición dos interesados no Perfil do Contratante da páxina web do Concello da Estrada (www.aestrada.com).

Información relativa aos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares poderá obterse na Secretaría do Concello.

8º.-Presentación das ofertas:

- a).-Prazo de presentación: 7 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Perfil do Contratante.
- b).-Data límite de presentación: 29 de setembro de 2017.
- c).-Modalidade de presentación. Presencial ou por correo.

9º.-Lugar de presentación de documentación:

- a).-Entidade: Rexistro Xeral do Concello de A Estrada.
- b).-Enderezo: Praza da Constitución nº 1
- c).-Localidade e Código Postal: A Estrada. CP 36680.
- d).-Teléfono: 986 57 01 65.
- e).-Fax: 986 57 14 69

A Estrada 20 de setembro de 2017.
O ALCALDE,

Asdo. José C. López Campos.